



Vista panorámica do salón rexio do Círculo durante a gala; Darío Xohán Cabana, dous premiados e Eva Veiga. PEPE TEJERO

Os escritores premian unha novela de Fernández Paz como a mellor do 2014

- A Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou os seus recoñecementos en Lugo
- Os galardoados culpáron da penuria cultural aos gobernantes e aos medios de comunicación

JAUREGUIZAR
#jaureguizar@elprogreso.es

LUGO. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) entregou onte a súa serie de galardóns anuais en Lugo nunha gala celebrada no Círculo de las Artes de Lugo. A novela de Agustín Fernández Paz 'A viaxe de Gagarin' (Xerais) foi recoñecida como mellor obra de narrativa en galego.

O escritor de Vilalba non puido asistir ao acto, pero o seu agradecemento —lido polo seu editor, Manuel Bragado— foi o pouco que brillou nunha celebración parcaamente iluminada; que comezou tarde e avanzou lastrada de ritmo, e que estivo protagonizada por fallos de son.

Agustín Fernández Paz agradeceu o seu premio indicando que 'A viaxe de Gagarin', «é unha viaxe xeracional pola Galicia e a España dos anos 60 e 70, de tempos duros e difíciles». E acabou por dedicarllo aos «opostos á dictadura e aos que loitaron pola liberdade, algo aínda necesario».

Outro xigante literario, Darío Xohán Cabana, emocionado e emocionante, deu as grazas por que o seu monumental traballo de trasladar ao galego 'A divina comedia' lle reportase un novo premio de Tradución. Recoñeceu ter dedicado «máis tempo» a facer versións en galego, para ofrecérlas aos lectores, que a súa obra.

O ton abatido e penumbroso do acto non contaxiou a un Carlos Negro que se declarou «feliz» de ser recoñecido co premio da literatura infantil e xuvenil por 'Penúltimas tendencias', «un modesto libro de versos para lectores e lectoras que están subindo canchans na lectura». En referencia ao tópico sobre o ananismo da creación literaria para mozos, reivindicou que «non facemos literatura maior ou menor, facemos literatura que abre camiños e demostramos que a poesía pode chegar a calquera público e facelo voar».

Eva Veiga citou a Lois Pereiro para dicir que «ética e estética deben ir na mesma carteira» cando

subiu pola pluma que sinalaba como mellor libro de poesía 'A distancia do tambor'.

MELANCOLÍA. O ambiente resultou axeitado para acompañar os discursos melancólicos do resto dos premiados, que non se afastaron do acostumbrado repertorio temático sobre a escasa consideración da cultura galega. Os galardoados reveláronse herméticos a un asomo de autocritica sobre o desinterese xeralizado cara á lectura en galego.

Foron distribuindo as culpas da ignorancia palpable cara á literatura do país, un ano máis, sobre os ombros de gobernantes e de medios de comunicación. A Xunta estivo representada polo secretario de Política Lingüística, Valentín García, que seguiu os discursos dende o lugar discreto que lle asignaron.

«En catro décadas construímos institucións como a AELG», remarcou o seu presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias. Xunto a elas, in-

dicou outros entes autonómicos «que se están convertendo en pesos mortos e non cumpren as funcións para os que foron creados». Logo pediu un plan de apoio ao libro galego e un plan estratéxico de lectura lembrando que foron medidas prometidas sen executar.

A Xunta non resultou a única acusada, a prensa tamén soportou unha batería de reproches. A gratitude polo galardón na categoría de teatro a 'Obras completas' de Roberto Vidal Bolaño (Positivas) conlevoou que se cualificase de «baleiro informativo» o eco nos medios que tivo a estrea da peza 'Saxo tenor', do autor compostelán, en Lisboa.

«Un blog é unha actitude, unha maneira de ser e de estar», apuntou Ramón Nicolás na recollida do galardón ao mellor blog literario. Sinlaou que «non se trata o libro galego como se merece, é tratado como estranxeiro na súa terra».

A pontenovesa Montse Dopico, premio de xornalismo cultural, amosouse ecuaníme. Adxudicou tanto a gobernantes como a medios «a cada vez máis escasa presenza da cultura». O seu implacable discurso —interrompido pola metafórica casualidade de que o micrófono enmudecesse— como conclusión o rogo aos douscentos asistentes para que desmentisen «o convencemento do poder de que a cultura non interesa», que ela percibe que nace dun «desprezo á cultura» dando a ver «que a cultura si interesa».

Premios

Blog literario. Caderno da Crítica, de Ramón Nicolás.

Ensaio. 'Galiza, un povo sentimental' de Helena Miguélez.

Infanto-Xuvenil. 'Penúltimas tendencias', de Carlos Negro.

Xornalismo cultural. Montse Dopico.

Narrativa. 'A viaxe de Gagarin', de Agustín Fernández Paz.

Poesía. 'A distancia do tambor', de Eva Veiga.

Teatro. 'Obras completas', de Roberto Vidal Bolaño.

Tradución. 'A divina comedia', por Darío Xohán Cabana.

Mestres da Memoria. Emilio do Pando, da Fonsagrada, e Josefa Arias, de Vilalba.

Institucións. Colexio Profesional de Xornalistas e Asociación de Medios en Galego.